BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE VELADORES, MESAS E CADEIRAS NA VÍA PÚBLICA

EXPEDIENTE: Modificación da ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública.

TRÁMITE: Anuncio elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial

O Pleno do Concello de Pontevedra, na sesión de 09.02.2018, aprobou inicialmente a 1ª modificación da ordenanza municipal reguladora da instalación de veladores (mesas e cadeiras) na vía pública.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 39, de data 23.02.2018, publicouse anuncio de exposición ao público, non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, polo que se entende elevada a definitiva a aprobación inicial, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co previsto no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei.

Así mesmo o texto íntegro da modificación publicarase no apartado "normativa municipal" do menú "transparencia" da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, en relación ao artigo 5.4 da mesma.

O texto íntegro da ordenanza modificada definitivamente aprobada é do teor literal seguinte:

"Preámbulo

A instalación de terrazas nas vías e espazos públicos, tradicionalmente coñecidas co nome de veladores, constitúe un atractivo e un elemento dinamizador da cidade que debe potenciarse dentro dos usos complementarios dos espazos públicos e elementos de convivencia que, ademais, contribúe a reforzar os usos humanizados e peonís dos espazos, dándolle unha dimensión de estancia da que doutro xeito poderían carecer.

Por outra banda, non se deben esquecer as sinerxias que estas instalacións xeran en torno ao emprego, á economía e ao turismo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

Dada a vintena de anos transcorridos dende a aprobación da ordenanza municipal vixente, publicada no BOP do 18/09/1997, e, á vista dos cambios normativos producidos e das cuestións debatidas na cidade, proponse introducir -logo da consulta cos sectores implicados- unha serie de modificacións que permitan cohonestar este uso complementario e dinamizador da vía pública cos outros usos necesarios e prioritarios do espazo público e cos dereitos da veciñanza e demais usuarios da vía pública, para evitar que este uso común especial se converta nunha ocupación permanente ou afecte ao dereito á accesibilidade universal e ao tránsito peonil.

Con esta finalidade revísanse, entre outras, cuestións coma os horarios, mobiliario autorizado, instalacións accesorias como os calefactores, a garda de material, o reforzamento da potestade e iniciativa municipal para o deseño do espazo público -sobre todo nos casos de conflito-, a simplificación administrativa mediante a supresión de trámites coma a viñeta, así coma a revisión dos tipos e contías das sancións para evitar os casos puntuais de abuso detectados neste tempo.

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1. Competencia

A presente ordenanza dítase ao amparo das competencias conferidas polo artigo 84.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación cos artigos 25.2.a), b), d), f), h) e m) e artigo 49 do citado texto legal.

Artigo 2. Obxectivo

Esta ordenanza regula, por tanto, a instalación en vías públicas dos veladores dos establecementos dedicados a espectáculos públicos e actividades recreativas ou aos demais negocios de análogas características e actividades que pretendesen implantarse nas vías públicas deste municipio.

Artigo 3. Concepto de velador

1. No concernente a esta ordenanza, e dada a popular denominación de velador no municipio, enténdese por tal o conxunto ordenado dunha mesa non superior a 1,50 m2 e un máximo de catro cadeiras ao servizo dos establecementos mencionados no precepto precedente, cunha finalidade de lecer e recreo cidadán para o fomento dos valores culturais e turísticos deste municipio.

2. Exceptúanse desta ordenanza todas aquelas hortas ou espazos libres interiores de propiedade privada, nos que, en protección do debido descanso dos veciños, se prohibe, salvo autorización expresa deste Concello en contrario, o uso de espectáculo público ou actividade recreativa, e por tanto de veladores, a cuxo fin se haberá de acreditar polo interesado a adopción das medidas correctoras procedentes que aseguren a inexistencia de molestias ou perturbacións a veciños e xustificar a prestación dun servizo á cultura, turismo ou o interese xeral.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Artigo 4. Definición de vías públicas

Por vías públicas enténdense todas as rúas, prazas, parques, xardíns e espazos libres de uso público deste termo municipal, sendo tamén aplicable esta ordenanza aos espazos privados nos que, previa motivación e medidas correctoras precedentemente referidas, se puidese autorizar a instalación de veladores.

Artigo 5. Elementos e adornos

1. Como medida de fomento do embelecemento destas instalacións, autorízase a instalación provisional e desmontable de paraventos, enreixados, sebes en macetas, plantas ou outros elementos calquera, de xeito que resulte delimitada en liña vertical a zona total ou parcialmente ocupada, sen que se incremente, por iso, a contía da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, agás determinación ao contrario da correspondente ordenanza fiscal vixente. Esta delimitación calcularase mediante o trazado de liñas rectas que cruzan os respectivos exteriores dos elementos colocados.

2. Así mesmo, poderase autorizar a instalación de pérgolas, toldos, antucas, cubertas impermeables ou calquera outro elemento instalable dende o chan da vía pública, sen ningunha fixación ao mesmo e sen posibilidade de pechar os laterais e/ou frontal do espazo cuberto en suposto ningún.

3. No centro histórico estarase á regulación específica que sobre esta materia se dispón no Plan especial de protección, reforma interior e conservación artística do Conxunto Histórico-Artístico. Lémbrase, particularmente, a prohibición da instalación de toldos nese eido, agás naquelas excepcións previstas para as áreas de bordo en contacto con posteriores desenvolvementos urbanos e supostos excepcionais que autorice expresamente a Comisión de Seguimento.

Artigo 6. Fontes de ruído

Non se autoriza, agás autorización expresa en contrario por motivos expresamente xustificados, a ambientación musical ou sonora destas instalacións nin outros elementos perturbadores do descanso con futbolíns, máquinas recreativas, de azar, etc.

Capítulo II
Da necesidade de obtención de licenza municipal

Artigo 7. Suxeición a licenza

1. A instalación de veladores está suxeita ao outorgamento de licenza pola administración municipal, que esixirá a previa presentación de instancia que leva implícita a solicitude de ocupación do dominio público, correspondendo esta atribución á Xunta de Goberno Local consonte coa lexislación de réxime local aplicable, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación nas concelleiras e/ou concelleiros da área correspondente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

2. A licenza sinalará, no seu caso, os condicionamentos necesarios derivados da propia natureza do carácter da autorización e dos seus efectos sobre os restantes usos das vías públicas afectadas.

Artigo 8. Resolución de licenza

1. A licenza de autorización de veladores outorgarase de acordo con esta ordenanza e, no seu caso, coa normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, de seguranza cidadá, de accesibilidade, de regulación integrada de actividades económicas, de réxime local e do réxime do solo.

2. O procedemento de resolución das licenzas urbanísticas e de actividades axustarase ao previdо na lexislación de réxime local e na de espectáculos públicos e actividades recreativas, correspondendo a competencia para resolver estes actos á Xunta de Goberno Local ou concelleira ou concelleiro en que delegue a competencia.

3. A licenza de autorización dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza outorgarase individualmente para cada establecemento, sendo condición imprescindible para a súa concesión a presentación da documentación recollida no artigo 13. Á resolución pola que se conceda a licenza achegarase como anexo o plano detallado da ocupación cos veladores conformado polos técnicos municipais.

4. As licenzas serán revogables en calquera momento por motivos de interese xeral derivados da propia ordenación e deseño do espazo urbano, da seguridade pública ou da accesibilidade universal.

Artigo 9. Silencio administrativo

1. En ningún caso entenderanse adquiridas por acto presunto licenzas en contra da lexislación, da ordenación urbanística, desta ordenanza, nin aquelas polas que se transfiran á persoa solicitante facultades relativas ao dominio público.

2. Os procedementos de licenza resolveranse pola administración municipal no prazo máximo de tres meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello, agás nos casos previstos no artigo 3.2, que se resolverán nos prazos previstos na normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas e na urbanística de aplicación.

Cando o número de solicitudes formuladas impidan razoablemente o cumprimento do prazo citado, o órgano competente para resolver poderá ampliar os prazos que posibiliten a adopción dunha resolución expresa.

A ampliación de prazos non poderá ser superior ao prazo inicialmente establecido na tramitación do procedemento. Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, non caberá recurso ningún.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

3. En caso de non ditarse e notificarse resolución en prazo, tratándose a petición dun uso común especial da vía pública, a solicitude entenderase desestimada. Se vencese o prazo de resolución e o Concello non resolvese expresamente, os interesados poderán acreditar o transcurso do prazo a efectos de interposición dos recursos procedentes, por calquera medio de proba válido en dereito, incluída certificación administrativa, que deberá expedirse no prazo máximo de quince días desde a súa solicitude.

4. A certificación deberá ser comprensiva da solicitude presentada ou obxecto do procedemento seguido, data de iniciación, vencemento do prazo para ditar resolución e efectos xerados pola ausencia de resolución expresa.

Artigo 10. Dispositivos mecánicos

Nos supostos en que estes veladores requiran de estruturas ou instalación de dispositivos mecánicos ou electrónicos, uns e outros haberán de ser recoñecidos previamente por facultativo idóneo, que emitirá o oportuno informe, visado polo seu colexio profesional, sobre as condicións de seguridade que os mesmos reúnan para o público.

Artigo 11. Taxa

1. A licenza concederase, unha vez obtidos os informes favorables, e condicionará a efectiva ocupación ao previo pagamento do importe da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal, autoliquidada nos termos establecidos na correspondente ordenanza fiscal en vigor, sen que se autorice a ocupación da vía pública ata que se obteña a correspondente licenza polas persoas interesadas.

2. Unha vez outorgada a licenza, esta constituirá, xunto co título habilitante da apertura do establecemento e os xustificantes do pagamento da taxa anual e da correspondente póliza de seguro, os títulos suficientes para a colocación dos veladores.

3. En caso de denegarse a licenza e constar o pagamento da taxa, agás que se acredite polo Concello a efectiva instalación dos veladores, as persoas interesadas poderán solicitar a devolución do importe da taxa ingresado.

Artigo 12. Empresa

A licenza será solicitada pola empresa titular do establecemento. Consideraranse empresa, para os efectos desta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que, con ánimo de lucro, realicen ou organicen espectáculos ou actividades recreativas e asuman, fronte ás autoridades públicas e ao público, en xeral, as responsabilidades e obrigas inherentes á súa organización, celebración e desenvolvemento, previstas na normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas, sendo de aplicación a totalidade das súas determinacións en canto á organización de tales espectáculos e actividades.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Artigo 13. Documentación

Para obter a preceptiva licenza municipal, os interesados deberán achegar, a través do Rexistro xeral deste Concello, a seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica que se repute empresa, que deberá coincidir coa titular do título habilitante de apertura do establecemento, ao que veñen obrigadas segundo a vixente normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas. Farase constar nome, enderezo e, no seu caso, acreditación da representación.
- Título habilitante municipal de apertura do establecemento que ampare o inicio da actividade, tramitado ao abeiro da normativa reguladora de espectáculos públicos e actividades recreativas vixente no momento do seu outorgamento, ou ben indicación expresa do expediente no que figure.
- Nome comercial, localización e referencia catastral do local para o que se solicitan os veladores.
- Fotografías da totalidade da fronte do local.
- Acreditación da declaración da alta no padrón do Imposto de actividades económicas.
- Plano de situación dentro do municipio e plano acoutado e detallado da superficie que se pretende ocupar, que grafite tanto os veladores como os elementos que se pretendan instalar, de xeito que se aprecie que non interfiren o acceso a portais de inmobles nin impidan a visión de escaparates, e que se achegará en tamaño DIN A4. No plano figurarán as características e número dos veladores a instalar.
- Esbozos, fotografías ou catálogos que reflictan polo miúdo a descrición e o deseño dos veladores e demais elementos a instalar. Poderá esixirse que o esbozo recolla a perspectiva que ofrezan desde a fronte oposta da vía pública ou parque, ou do inicio e final da rúa ou praza.
- Declaración da persoa titular, na que se faga constar o compromiso da contratación do seguro de responsabilidade civil previsto na normativa en materia de espectáculos e actividades recreativas para o establecemento en que estea incluída a terraza ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.
- A póliza do seguro de responsabilidade civil dará cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse para as persoas e/ou cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada dos veladores e dos seus elementos auxiliares. Deberá estar vixente durante o período de funcionamento autorizado e polo capital mínimo fixado na normativa vixente, en función da capacidade da terraza, con cobertura específica de incendios e demais riscos derivados do funcionamento da terraza, especialmente no suposto de instalación de estufas ou outros elementos de calefacción ou climatización.
- De se pretender a instalación de estufas ou elementos de calefacción ou climatización, a persoa interesada deberá, ademais, achegar:

a) Certificado ou informe dun técnico facultativo competente, no que garanta a seguridade da súa colocación e as indicacións precisas para o seu uso e mantemento, así como memoria

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

relativa ás características técnicas, físicas e estéticas da estufa, xuntando planos de planta e sección da terraza e as distancias destes elementos a fachadas, mobiliario urbano, calzada, etc.

b) Garantía de calidade e certificado de homologación da Unión Europea.

c) Contrato de mantemento da instalación con empresa especializada.

d) Contrato de mantemento e revisión dos extintores a instalar.

e) No caso de estufas eléctricas, ademais, deberá de presentarse boletín eléctrico do establecemento e instrucións técnicas complementarias ITC-BT-05, apartado A1 e A2, e ITC-BT-28, alínea 1, locais de reunión, traballo e usos sanitarios.

Artigo 14. Comprobación e investigación

1. Os correspondentes servizos municipais deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atoparse diferenzas coas peticións de licenzas. De existiren deficiencias na documentación achegada ou diferenzas, estas notificaranse aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

2. A infracción destes preceptos dará lugar á adopción das medidas e sancións recollidas no capítulo VI desta ordenanza.

Artigo 15. Intransmisibilidade

1. As autorizacións terán carácter persoal ou individual para cada empresa titular do establecemento e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación ou revogación da licenza.

2. A licenza entenderase outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Tratándose a autorización dun uso común e especial da vía pública, será inmediatamente revogable por incumprimento das condicións establecidas nesta ordenanza ou específica autorización, así como por razóns de oportunidade ou conveniencia municipal, debidamente xustificada, pois non confire dereito ningún. Neste último caso poderá conlevar a devolución proporcional da taxa segundo determine a ordenanza fiscal vixente. En calquera caso non conferirá dereito a indemnización ningunha.

Capítulo III
Das características e localización dos veladores

Artigo 16. Harmonización coa contorna

1. As mesas e cadeiras harmonizarán especialmente co ambiente no que se emprace o establecemento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

2. Queda prohibida a colocación de publicidade nos elementos dos veladores, así coma das lousas, paneis informativos ou carteis de menú móbiles que ocupen espazo público. Non se considera publicidade a colocación nos elementos do mobiliario da terraza do nome e/ou do logo do local, mediante elementos visuais (chapas, impresións, e outros) cunha dimensión máxima de 20 x 8 centímetros.

3. Autorízase a utilización de mesas e cadeiras de madeira, así coma resinas e plásticos que imiten aos anteriores, cunha calidade avalada polos servizos técnicos, para o que se achegarán esbozos, fotografías ou catálogos á solicitude de licenza. Tamén se admite a utilización dos tradicionais veladores de mármore con pé ou pés de ferro fundido e de elementos mobles destinados a servir de soporte das consumicións, con ou sen asento para os clientes (mesas con banquetas, bocois, caixóns, bancos, tallos, mesas altas...). A estes efectos teranse en conta as recomendacións do anexo I e non poderán superar as dimensións que se determinan no art. 3.1. para as mesas con cadeiras.

4. No Conxunto Histórico-Artístico, os establecementos cumprirán a normativa específica que sobre esta materia regula o Plan especial de protección, reforma interior e conservación artística.

5. Recoméndase a utilización de sebes en macetas, plantas ou outros elementos móbiles que embelezan o espazo público e fagan a terraza detectable para as persoas con dificultade visual.

Artigo 17. Situación

1. Os veladores e os seus elementos deberán situarse, preferentemente, ante a fronte da fachada do local e na súa mesma marxe no xeito establecido no artigo 20.2. No caso de tratarse de prazas, praciñas, xardíns ou parques, os esbozos e planos a presentar detallarán suficientemente a colocación das instalacións.

2. No suposto de pretenderse a instalación na marxe oposta do local e nunha fronte máis ampla da fachada, os interesados xustificarano ante este Concello, baseándose na autorización tradicional de tales instalacións e na autorización da propiedade afectada. Só aqueles casos debidamente xustificados por razóns de mellora da ordenación do espazo público poderán ser autorizados polo Concello, pois tratándose dun uso especial da vía pública non resulta aconsellable pola intensidade e perigo do uso a súa autorización e polas molestias e prexuízos a outros cidadáns.

3. Os servizos técnicos municipais, en supostos de saturación, conflito ou concorrencia de motivos de interese xeral subsecuentes á necesidade de ordenar ou preservar os usos prioritarios do espazo público, poderán deseñar a situación dos veladores nas rúas e espazos públicos. Unha vez aprobado o deseño pola Xunta de Goberno Local, o número de veladores será posteriormente repartido entre os establecementos, en proporción á fachada da que dispoñan e con reaxuste da asignación cando se abran novos establecementos.

En todo caso, o deseño deberá garantir a accesibilidade universal e, nas prazas e espazos públicos, a non ocupación cos veladores de máis do 50 % da súa superficie destinada ao uso peonil. Nestes supostos tamén poderán fixarse condicións adicionais específicas no deseño e materiais das terrazas, para garantir a súa adaptación ao ambiente no que se sitúen.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Artigo 18. Prohibición de localización

Os veladores respectarán o disposto no Regulamento xeral de circulación e Ordenanza municipal de circulación en todo o relativo á visibilidade, distancia a cruzamentos e esquinas de beirarrúas non podendo entorpecer, en ningún caso, o paso de persoas ou vehículos, mesmo en rúas peonís. Por conseguinte, non poderán situarse en ningún caso ante ou sobre:

- Portais de acceso a edificios ou locais comerciais.
- Pasaxes permanentes ou entradas de carruaxes.
- Reservas de vía pública.
- Paradas de vehículos de servizos públicos ou oficiais.
- Elementos urbanos cuxo uso puidese verse dificultado en caso de emerxencia pola colocación de veladores, tales como bocas de hidrantes contra incendios e outros.
- Menos de 1,50 metros doutros servizos autorizados, como cabinas de teléfonos, caixas de correos, quioscos, caixas de protección de edificios, caixa de contadores xerais desde a rúa, etc.

Tampouco poderán impedir a visión frontal de escaparates de locais comerciais, rótulos de despachos profesionais e instalacións similares de terceiras persoas.

Artigo 19. Fixación

Os toldos, antucas, pérgolas, etc., non poderán fixarse a ningún ben moble urbano, árbores, báculos, farois ou sinais.

Artigo 20. Espazos libres

1. Os espazos libres mínimos que haberán de gardar segundo a súa localización serán:

— Beirarrúas: 1,80 ou 1,50 metros, segundo o determinado na normativa de accesibilidade.

— Calzadas de sentido único: 3 metros.

— Calzadas de dobre sentido: 6 metros.

Os veladores e elementos haberán de situarse na beirarrúa ou na calzada, pero nunca entre ambas, dispoñéndose en paralelo á fachada do local.

En caso contrario, as licenzas serán denegadas.

2. A súa colocación deberá deixar un itinerario peonil accesible entre os veladores e a liña da fachada ou converter a terraza en detectable para as persoas con dificultade visual. En todo caso, o deseño da situación dos veladores dará cumprimento á normativa vixente en materia de accesibilidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

Capítulo IV
Das obrigas da empresa

Artigo 21. Obrigas

As empresas virán obrigadas a:

a) Dispoñer dos títulos habilitantes municipais de apertura do establecemento, licenza de veladores, carta de pagamento da taxa correspondente ao período en curso e da documentación acreditativa da dispoñibilidade e vixencia da póliza de seguro de responsabilidade civil, consonte co determinado nesta ordenanza, a disposición das autoridades e os seus axentes.

A vixencia da póliza de seguro acreditarase mediante un exemplar da póliza e recibo de pagamento das primas correspondentes ao período ou copia deles. A falta de vixencia da póliza de seguro e dos demais documentos referidos no parágrafo anterior comportará a obriga de cese da actividade e retirada dos veladores.

b) Adoptar cantas medidas de seguridade, hixiene e tranquilidade sexan previdas con carácter xeral nesta ordenanza ou, a título particular, nos títulos habilitantes e nas licenzas citadas, para a apertura e funcionamento das instalacións, así como manter o local e o espazo público en que se sitúan estas instalacións en perfecto estado de uso, limpeza e funcionamento.

c) Velar en todo momento polo mantemento das condicións de accesibilidade e protección contra incendios, para o que se evitará que os elementos dos veladores sexan desprazados da situación autorizada e invadan os espazos libres de paso e percorridos de evacuación do local.

d) Permitir e facilitar as inspeccións que se acorden pola autoridade e os seus axentes, retirando os veladores cando o ordenen, de xeito automático e inmediato, dado o uso especial da vía pública.

e) Responder dos danos que como consecuencia da instalación dos veladores puidesen ocasionarse e a eles fosen imputables.

f) Instalar e retirar os veladores dentro do horario establecido na presente ordenanza.

g) De ter instaladas estufas, deberá custodiar no establecemento, a disposición dos axentes e inspectores, o certificado anual da revisión da instalación. A non presentación do mesmo poderá motivar a revogación da autorización concedida.

h) Calquera outras obrigas de aplicación aos espectáculos públicos e actividades recreativas dispúñanse na normativa xeral e sectorial de aplicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

Capítulo V
Do exercicio da actividade de veladores

Artigo 22. Horario

1. A instalación e funcionamento dos veladores, calquera que sexa a categoría do establecemento público ao que estean vencellados, quedará suxeita ao seguinte horario:

a) O horario de instalación e inicio, con carácter xeral, será ás 9:00 horas.

b) O horario de retirada e peche, con carácter xeral, será para todo o ano ata as 1:30 horas.

2. En ningún caso este horario suporá unha vulneración do establecido na normativa autonómica vixente para os horarios de apertura e peche dos establecementos públicos.

3. A retirada iniciarase coa antelación suficiente para que o velador estea completamente recollido no momento de remate do horario establecido neste artigo.

As operacións de recollida dos veladores efectuaranse co máximo coidado, aos efectos de minimizar a produción de molestias por ruídos que as mesmas poidan causar, quedando especificamente prohibido o arrastre dos elementos que o compoñan.

Durante as operacións de montado e retirada das terrazas e durante o seu funcionamento non se poderá oír a música que proveña do interior dos locais que teñan autorizados equipos de reprodución sonora ou actividade musical.

4. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante resolución ou acordo do órgano municipal competente, dentro das marxes que lle concede a normativa vixente.

Artigo 23. Ampliación do horario

Os horarios de inicio e remate da actividade dos veladores poderán ser ampliados media hora máis con ocasión da celebración das festas ou outros eventos e circunstancias excepcionais, debidamente motivadas, a xuízo do órgano municipal competente.

Artigo 24. Garda

1. Os veladores e os seus elementos retiraranse ás horas indicadas nesta ordenanza, podendo unicamente ficar amoreados no espazo público adxacente ao local durante o tempo que medie entre o horario de apertura do establecemento e o horario de inicio da actividade dos veladores disposto nesta ordenanza. En ningún caso estes amoreamentos poderán xerar unha barreira que interfira na circulación, no transito peonil, nas condicións de accesibilidade e uso da vía ou espazo público, nin nos recorridos de evacuación do local.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

2. Os veladores de establecementos públicos e os seus elementos situados en rúas gardaranse no seu interior ou en locais anexos destinados a tal fin, sen que se poidan ver desde a vía pública de ningún xeito tales elementos.

Artigo 25. Menores

Aos menores de dezaoito anos non se lles poderá despachar nin se lles permitirá consumir ningún tipo de bebida alcohólica.

Os titulares, encargados ou responsables dos establecementos en que se sitúen os veladores que tivesen dúbida sobre a idade dos menores que pretendan acceder aos locais e veladores, deberán esixirlles a presentación do seu documento nacional de identidade, como medio de acreditar aquela, podendo proceder á súa expulsión cando tiveren accedido a eles, requirindo, en caso necesario, a intervención da Policía Local.

Artigo 26. Garda e retirada

Os veladores instalados con licenza terán que ser retirados polos donos, encargados ou responsables dos establecementos tan pronto como fosen requiridos pola autoridade ou os seus axentes, dado o carácter de uso común especial da vía pública que supón a súa instalación, sen que o titular teña dereito a indemnización ningunha cando razóns de oportunidade ou interese municipal debidamente motivada o esixan.

Artigo 27. Execución pola administración municipal

1. Sen prexuízo do que poidan establecer disposicións especiais, dado o uso común especial da vía pública, facúltase ás autoridades e aos seus axentes para a retirada dos veladores e os seus elementos instalados sen o outorgamento da licenza municipal ou que incumpran as súas condicións, como é número de veladores, infracción de horario, amoreamento en vía pública infrinxindo o artigo 24, celebración de espectáculos ou diversións non autorizadas.

2. Os veladores instalados sen a preceptiva licenza municipal ou excedan ou non se axusten ao número ou condicións establecidas na licenza reputaranse clandestinos e terán que ser retirados pola empresa do local, previo apercibimento polo axente ou funcionario municipal denunciante. En caso de negativa, os axentes da autoridade están facultados, co fin de evitar a comisión da infracción, para ordenar a efectiva retirada dos veladores e elementos anexos, requirindo a intervención das brigadas municipais ou dos servizos do guindastre, debendo facelo directamente a policía local cando dispoña de medios adecuados para o traslado e depósito. Os veladores e elementos serán depositados nun edificio municipal, onde previo pago das exaccións procedentes e gastos que fosen ocasionados, serán devoltos aos infractores.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

Capítulo VI
Das infraccións e sancións

Artigo 28. Infraccións

1. Infraccións e a súa clasificación

Constitúen infraccións as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza, así como as condicións concretas a que se suxeiten as correspondentes licenzas de autorización para a instalación de veladores.

Cada actuación separada no tempo ou no espazo, que resulte contraria ao disposto nesta ordenanza, terá a consideración de acto independente sancionable.

Serán suxeitos responsables das infraccións as empresas titulares do establecemento definidas no artigo 12 da presente ordenanza, ás que correspondan os veladores.

As sancións que se poidan impor en aplicación desta ordenanza son independentes das obrigas de indemnización ou reparación dos danos e deterioracións causadas ao mobiliario e ao espazo público por mor da instalación da terraza.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2.1.—Son infraccións leves:

a) O incumprimento da obriga de manter o espazo de uso público onde se empracen as terrazas e cada un dos elementos que a compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade, hixiene e ornato; tanto durante o seu funcionamento como ao termo deste.

b) A deterioración leve dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento anormal da terraza.

c) A ocupación de maior superficie da autorizada ou cando exceda ou se sitúe en disposición diferente á licenciada, sempre que ese exceso ou diferencia non supere o 20% da mesma.

d) A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares de características distintas das autorizadas ou non recollidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, sempre que non se supere a superficie de ocupación autorizada.

e) A colocación de publicidade nos elementos dos veladores.

f) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de unha hora.

g) A produción de ruídos durante os labores de montaxe e desmontaxe da terraza.

h) Calquera outra acción ou omisión contraria ás disposicións desta ordenanza non expresamente tipificadas como grave ou moi grave, tanto nesta ordenanza coma na normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas, así coma na normativa vixente en materia de seguridade cidadá, réxime local e do solo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

2.2.—Son infraccións graves:

a) A instalación dunha terraza carecendo da autorización municipal preceptiva, cando sexa posible a súa autorización.

b) A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non establecidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, se superan a superficie autorizada e, en todos os casos, a instalación de lousas ou paneis informativos móbiles que ocupen espazo público.

c) A ocupación de maior superficie da autorizada ou en disposición diferente en máis dun 20% e en menos do 50%.

d) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis dunha hora.

e) A deterioración grave dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazos de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento anormal da terraza.

f) O incumprimento da obriga de retirar e recoller os elementos da terraza unha vez finalizado o horario de funcionamento e nos termos establecidos na presente ordenanza.

g) Almacenar ou amorear produtos, envases ou residuos, na zona de veladores ou no espazo público en xeral.

h) A produción de molestias acreditadas á veciñanza ou ás persoas transeúntes, derivadas do funcionamento da instalación, por incumprimento das condicións establecidas, así coma o entorpecemento a portais, pasaxes permanentes, reservas e demais lugares sinalados nos artigos 17 e 18.

i) A instalación, xunto aos veladores e os seus elementos, de calquera posto de venda, máquinas recreativas e/ou equipos de reprodución sonora non expresamente autorizados.

k) A instalación de veladores e os seus elementos incumprindo as condicións da licenza.

l) A non exhibición, aos axentes da autoridade ou servizos técnicos competentes que o requiran, da documentación a que se refire o art. 21 a) e g).

ll) A negativa ou obstrución ao labor inspector ou desobediencia aos lexítimos requirimentos da Policía Local, así coma a instalación de veladores con quebranto da prohibición ou suspensión decretada por este Concello, se non constitúe infracción moi grave.

2.3.—Son infraccións moi graves:

a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal, cando esta non resulte autorizable.

b) A ocupación dunha superficie maior ou diferente á autorizada en máis do 50%.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

c) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis dunha hora, cando isto derive nunha perturbación da convivencia que lle afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

d) A produción de molestias acreditadas e graves á veciñanza ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas ou celebración de espectáculos ou actuacións non autorizados expresamente.

e) A desobediencia reiterada aos lexítimos requirimentos da Policía Local.

f) A carencia do seguro de responsabilidade civil a que se refire o art. 13.

g) O incumprimento da orde de suspensión ou retirada inmediata da instalación, cando diso derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata ou directa, á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou o funcionamento de servizos públicos ou de interese xeral ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazos de uso público.

h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentada para a obtención da autorización correspondente.

i) Non desmontar as instalacións unha vez finalizado o período de vixencia da autorización ou cando for requirido pola autoridade municipal.

k) A instalación de suxeicións ou ancoraxes non autorizadas ao chan ou fachada, os peches laterais e/ou paralelos á fachada do espazo destinado aos veladores e a instalación de toldos non expresamente autorizados, así como a delimitación dos espazos para veladores con plásticos, lonas, cintas, biombos ou plataformas permanentes que convertan o uso común especial para as terrazas nunha ocupación privativa do espazo público.

Artigo 29. Prescrición e sanción

1. As infraccións administrativas especificamente tipificadas nesta ordenanza prescribirán aos seis meses, aos dous anos ou aos tres anos, a contar dende o día en que a infracción se cometeu, segundo se reputen leves, graves ou moi graves nos termos da normativa de aplicación, sen prexuízo de calquera outras infraccións tipificadas na normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas, na da protección da seguridade cidadá, do réxime local, do solo e/ou do patrimonio das administracións públicas.

2. A comisión das infraccións previstas nesta ordenanza levará aparellada a imposición das seguintes sancións:

a) As infraccións leves: multa de 300 ata 750 euros.

b) As infraccións graves: multa de 751 ata 1.500 euros e revogación da autorización de concorreren as circunstancias previstas no punto seguinte.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

c) As infraccións moi graves: multa de 1.501 ata 3.000 euros e revogación da autorización de concorreren as circunstancias previstas no punto seguinte.

3. A comisión de infraccións graves e moi graves poderá levar aparellada, como accesoria, a imposición da sanción de revogación da autorización municipal, en atención á transcendencia social do feito e demais circunstancias que concorran, especialmente cando se produza unha perturbación importante da convivencia normal que afecte de modo grave, inmediato e directo, á tranquilidade, ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou ao desenvolvemento normal de actividades de toda clase, consonte á normativa que resulte de aplicación.

4. A sanción é independente e compatible coa posibilidade da legalización da instalación, se proceder, así como coa liquidación da taxa pola ocupación non autorizada e recargas que procedan, no seu caso.

5. Para a modulación das sancións terase en conta a existencia de intencionalidade ou reiteración na conduta infractora, a natureza dos prexuízos causados, a reincidencia na comisión da infracción e o beneficio obtido por esta. Considérase que existe reincidencia do infractor cando este cometa unha nova infracción da mesma natureza sen que transcorresen dous anos desde a comisión da anterior infracción, que fora declarada mediante resolución firme. Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade, a adopción espontánea, por parte do autor da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

6. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano; as sancións por infraccións graves aos dous anos; e as sancións por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos.

Artigo 30. Competencia

A incoación e a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas nesta ordenanza corresponderá aos órganos municipais competentes en orixe ou por delegación.

Artigo 31. Instrución

A imposición de sancións esixirá da previa incoación e instrución do procedemento sancionador correspondente, que observará as determinacións da normativa reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Artigo 32. Presunción de veracidade (antes art. 33)

As informacións achegadas polos axentes da autoridade, que houberen presenciado os feitos, previa ratificación no caso de seren negados polos inculpados constituirá base suficiente para adoptar a resolución que proceda agás proba en contrario e sen prexuízo de que aqueles poidan achegar ao expediente todos os elementos probatorios posibles.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

Capítulo VII
Normas de xestión e obriga de pagamento

Artigo 33. Cobro

En canto ás normas de xestión e cobro da taxa para a instalación de veladores, estarase ao disposto na ordenanza fiscal vixente.

Artigo 34. Licenza e carta de pagamento

Unha vez outorgada a licenza de autorización de veladores, será título suficiente para a súa colocación a tenencia dese acto administrativo xunto co xustificante que acredite o pagamento da taxa correspondente ao período en que se instalen os veladores, como se dispón no artigo 11, que deberá posuírse no local, a disposición da autoridade e os seus axentes, xunto co título habilitante do establecemento e documentación acreditativa da dispoñibilidade e vixencia do seguro.

Capítulo VIII
Da extinción da autorización

Artigo 35. Revogación (antes art. 36)

Dado o carácter de uso común especial da vía pública, o Concello poderá anular ou revogar en calquera momento a licenza de autorización de veladores e os seus elementos. Así mesmo, iniciado calquera procedemento de revisión de oficio, o Concello poderá ordenar a suspensión da execución do acto.

Disposición Transitoria

1. Os veladores que se atopen legalmente instalados e autorizados no momento da entrada en vigor da presente modificación da ordenanza poderán seguir desenvolvendo a súa actividade, pero deberán ser revisados e adaptados ás súas determinacións no prazo de seis meses, a contar desde a entrada en vigor da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, mediante a achega da documentación xustificativa do seguro e demais documentación requirida nesta Ordenanza que non estea en poder da administración, incluídos os planos que grafiten a súa revisión ou recolocación, de ser procedente.

2. Sen prexuízo do anterior, o Concello intensificará o control do estrito cumprimento das prohibicións que xa figuraban na ordenanza orixinal, principalmente as relativas á instalación de suxeicións ou ancoraxes non autorizadas e os peches laterais e/ou paralelos á fachada do espazo destinado aos veladores con plásticos, lonas, cintas, biombos ou plataformas permanentes que convertan o uso común especial para as terrazas nunha ocupación privativa do espazo público.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

Martes, 24 de abril de 2018
Núm. 79

Disposición Final

Esta Ordenanza unha vez aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor transcorrido o prazo de QUINCE DÍAS desde a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo I.—Mobiliario. Características do mobiliario e estruturas auxiliares

1. Adaptación ao ambiente

Ademais dos requisitos individuais que se fixen para os elementos obxecto deste anexo, a combinación destes deberá ser homoxénea e estar perfectamente integrada no ambiente urbano, consonte aos criterios dos servizos técnicos e normativa de protección en vigor. No Centro Histórico será de aplicación o disposto no PEPRICA.

2. Materiais para os elementos de mobiliario (mesas e cadeiras)

Para o cumprimento do requisito de integración no medio, recoméndase e aceptarase o emprego de materiais tales como madeira tratada, ferro, plástico e resina de deseño atractivo, de boa calidade e de doada limpeza e mantemento. Queda prohibido o mobiliario de plástico con escasa presenza estética ou cunha configuración extremadamente básica.

Todos estes elementos estarán dotados de protecciónss de goma, neopreno ou similar para evitar a xeración de ruídos no seu manexo e danos no pavimento.

O mobiliario deberá ter un deseño e tratamento cromático unitario, con cores axeitadas á contorna, prohibíndose as cores vivas.

O Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en consonancia coa realidade arquitectónica da contorna.

As mesas deberán reunir unhas características de accesibilidade indispensables para que as persoas con cadeiras de rodas poidan achegarse o suficiente e con comodidade.

3. Elementos de sombras (toldos, parasoles...)

— En caso de que se pretenda a autorización de toldos ou parasoles asociados á instalación de terraza, a persoa interesada deberá presentar, xunto coa solicitude, a descrición das características destes lementos (deseño, cores, materiais, dimensións, etc.) e xuntar planos de alzado e planta, así como fotografías en cor ou un catálogo dos amentados elementos, co fin de verificar o cumprimento do disposto no punto 1.
— Os toldos e parasoles serán dunha única cor, preferentemente o beige, azul, ocre, granate, branco ou negro, acorde co resto dos elementos das terrazas.
— Serán admisibles as instalacións de sombra nas formas de enrolable á fachada ou instalación illada.
— En ningún caso estas instalacións impedirán a visibilidade de sinais de tráfico ou de información nin demais elementos que se citan no artigo 13.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

a) Parasoles

— Con carácter xeral, só se autorizará a colocación de parasoles facilmente desmontables e suxeitos mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non supoña perigo para os usuarios e viandantes e que non se produza ningunha deterioración do pavimento.

— O seu deseño garantirá a súa estabilidade, resistencia ao vento e seguranza.

— Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie autorizada para a terraza e deberán ter unha altura mínima de 2,20 m.

— Os parasoles serán de material téxtil ou similar, lisos e terán sempre a posibilidade de seren recollidos mediante unha fácil manobra.

b) Toldos

— Os toldos están suxeitos, xenericamente, ás estipulacións fixadas para eles na normativa vixente, lembrándose a súa expresa prohibición no centro histórico, no que é de aplicación o Plan especial de protección, reforma interior e conservación artística (PEPRICA) e as excepcións que nel se prevén.

— Os toldos serán preferiblemente de material téxtil e terán sempre a posibilidade de seren recollidos mediante unha fácil manobra.

— A altura mínima da súa estrutura será de 2,50 m medidos desde o nivel do chan e deberán deixar itinerarios accesibles nas beirarrúas.

— Os toldos serán autorizables sempre que poidan suxeitarse mediante sistemas facilmente desmontables na fachada do edificio onde se sitúa o establecemento, sen que se autoricen aqueles que voen máis de 3,00 m. dende a liña da fachada.

— Cando o establecemento estea pechado, o toldo deberá permanecer recollido.

4. Elementos decorativos: paraventos, enreixados, sebes en macetas e outros elementos similares

Poderase permitir a colocación de elementos como paraventos, enreixados e sebes en macetas, citados no artigo 5, que serán valorados no momento en que se formule a solicitude correspondente, tendo en consideración a superficie da fachada, a anchura da beirarrúa e calquera outros criterios que permitan obter a dita valoración.

Deberán cumprir coas seguintes condicións:

— Deberán permitir, polas súas características, a súa identificación por persoas con dificultade visual.

— Deberán ser móbiles, para poder ser recollidos nas condicións e horario fixados no articulado da ordenanza.

— Non se admite a súa ancoraxe a fachadas nin ao chan, nin impedir o paso polos soportais.

— Deberán asegurar a súa detección a unha altura mínima de 0,15 metros medidos desde o nivel do chan.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

— A altura destes elementos non poderá ser superior a 1,50 metros -tanto no caso dos que se coloquen nos laterais como paralelos ás fachadasincluídos os sebes e outras plantacións en macetas, e sempre tomando como referencia a rasante do pavimento,

— Non poderán, en ningún caso, superar o ancho autorizado para a instalación correspondente.

— Os paraventos e demais elementos deberán ter estabilidade e rixidez suficientes e adecuarse esteticamente á contorna en que se sitúe a instalación e, en todo caso, logo da aprobación polos servizos técnicos.

5. Sistemas de climatización e calefacción.

— Nas terrazas poderanse instalar estufas ou quentadores, de baixo consumo e preferentemente de combustible de enerxía renovable e sen que en ningún caso poidan supoñer a emisión de ruídos ou cheiros.

— En caso da instalación de estufas de gas, os modelos deberan dispoñer obrigatoriamente do marcado CE establecido na Directiva 1990/396/CEE, do 29 de xuño e no Real decreto 1428/1992, de 27 de novembro, así como as instrucións de instalación, mantemento e utilización do fabricante e da normativa referida ao seu mantemento e outros requisitos derivados do tipo de combustible. A estrutura da estufa deberá ir protexida cunha carcasa ou similar que impida a manipulación dos elementos que conteñan.

— Con carácter xeral, non se admiten instalacións fixas; deberanse retirar consonte ao horario autorizado xunto co resto do mobiliario da terraza.

— Calquera instalación destas características deberá ser expresamente sometida a autorización e deberase presentar, ademais, a documentación específica do seu funcionamento (características técnicas, planos específicos, certificados de homologación, xustificación da normativa vixente, etc.)

— As instalacións serán executadas por un instalador autorizado. A revisión da instalación realizarase anualmente, consonte á normativa de aplicación. O Concello poderá requirir a documentación acreditativa da instalación e revisión en calquera momento.

— Todos os elementos deberán estar homologados consonte á normativa vixente que lles sexa de aplicación e, en particular, para o seu uso en exteriores.

— Ao igual que o resto dos elementos da terraza, deberán contar coa preceptiva supervisión estética por parte dos servizos técnicos municipais.

— Non se autorizará a instalación de estufas ou quentadores cunha altura libre de paso inferior a 2,20 m., e deberán instalarse sempre dentro do perímetro da autorización de veladores. Situaranse sempre a unha distancia mínima de 2 m. da fachada e demais elementos do mobiliario urbano.

— Non se admitirá a instalación de máis dunha estufa ou quentador por cada catro mesas autorizadas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7

— En calquera caso, a empresa interesada deberá dispor de extintores de eficacia mínima 21a 113B, a menos de 15 metros de distancia e nun lugar de doado acceso."

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso–administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, ao día da sinatura

O Secretario,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:NMYIRL1L3Q540IC7